

FETICHISMO

Con *Sexto fetiche*, Antom Fortes Torres acadou o Premio Legais 2001 para obras de matiz erótico homosexual. Non é esta unha temática allea ó autor por canto xa no seu primeiro poemario, *Figuras masculinas de meio corpo* (1997), se amosaba como un hábil poeta amoroso onde o desexo e o pracer son elementos fetiche que converten a vida do ser nunha nova existencia. Así, o eu poético pide que “o *desejo me alume como/ um faro desde o íris asombrado, o riso/ que me obséquie como a fé que/ já nom tenho, e as maos polo corpo como/ mágicas asas que me inventem o céu: isso/ quero*”. Mais, con todo, sempre están presentes as ameazas da “*hiena*”, símbolo da dor e a perda contra a que se opón o recordo doutros tempos mellores.

Tempos Novos, 61, xuño 2002, p. 70